

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO

PLAN

DE

IGUALDADE

Planificación de Centro

Plan de Igualdade



Índice

1. Introducción	3
2. Marco normativo	5
2.1 Estatal	5
2.2 Autonómico	5
3. Eixos de actuación.....	5
3.1 Coeducación	5
3.2 Diversidade	6
3.3 Convivencia	6
3.4 Protocolos	6
4. Situación actual do centro.....	6
4.1 Consello Escolar.....	6
4.1.1 Comisións derivadas do CE	7
4.2 Claustro	8
4.2.1 Cadro do profesorado.....	8
4.2.2 Departamentos	9
4.3 Equipo directivo	9
4.4 Persoal de administración e servizos.....	9
4.5 Alumnado matriculado no CSM de Vigo para o curso 2019/2020	10
5. Obxectivos	12
6. Medidas	14
6.1 Coeducación	14
6.2 Diversidade	14
6.3 Convivencia	15
6.4 Protocolos	15
6.5 Actividades.....	15
7. Seguimento e avaliación	16



1. Introducción

O Plan de igualdade, ou plan coeducativo, é un documento no cal os centros educativos poden recoller as medidas de acción positiva para abordar a promoción da igualdade entre mulleres e homes e para sensibilizar, previr e intervir fronte á violencia machista, que inclúe a violencia de xénero e a LGBTIfobia.

Segundo a LEI ORGÁNICA 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes no seu Artigo 23:

“O sistema educativo incluirá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, o sistema educativo incluirá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre uns e outros.”

No seu Artigo 24 continúa expoñendo como se vai realizar a integración do principio de igualdade no ámbito educativo:

“As Administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas o polos estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes.”

No CSM de Vigo elaboramos o seguinte Plan Estratéxico para a Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes desde o convencemento de que o avance socioeconómico, cultural e social de nas futuras xeneracións vai depender ineludiblemente de que mulleres e homes partan do mesmo lugar para poder alcanzar as mesmas metas, sen que os atrancos de xénero constitúan unha



limitación para o desenvolvemento persoal nos distintos ámbitos da vida das persoas.

Se somos capaces de xerar no alumnado do noso centro valores baseados no respecto mutuo e na igualdade, a sociedade do futuro será máis pacífica e igualitaria. Se non traballamos por unha verdadeira e efectiva coeducación non conseguiremos unha verdadeira transformación da sociedade e polo tanto unha igualdade real. Non debemos esquecer que as aulas son tan diversas como a sociedade, e moitas veces esa diversidade non se visibiliza nin se respecta, senón que se rexeita por contravir “o correcto” e “o normal”. De aí a importancia de traballar dende o sistema educativo para concienciar e dar a coñecer esa diversidade.

Este Plan de Igualdade será a ferramenta a través da cal artellaremos as políticas de Centro pertinentes para consolidar e reforzar as medidas dirixidas á eliminación das distintas fendas de xénero e sentar os cimentos para acadar novos avances na igualdade entre mulleres e homes.



2. Marco normativo

2.1 Estatal

- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
- Lei Orgánica (LOE) 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para la mellora da calidade educativa (LOMCE)

2.2 Autonómico

- Lei para a Igualdade de Mulleres e Homes de Galicia (Lei 7/2004, de 16 de xullo)
- Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro).
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020
- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020

3. Eixos de actuación

3.1 Coeducación

Implantar no centro o modelo coeducativo e introducir a perspectiva de xénero en tódalas súas dinámicas.



3.2 Diversidade

Abordar a educación dende a diversidade coa finalidade de acadar unha convivencia harmónica establecendo ámbitos de socialización que favorezan o coñecemento e a convivencia na comunidade educativa.

3.3 Convivencia

Concienciar dende o noso centro educativo das relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer as relacións positivas, a convivencia pacífica e o respecto mutuo entre todos os membros da comunidade educativa.

3.4 Protocolos

Elaborar **protocolos** de actuación que permitan a detección precoz da violencia de xénero e a outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple (diversidade funcional, étnica, de procedencia, etc.), procurando que proporcionen unha resposta inmediata, eficaz e sistémica.

4. Situación actual do centro

4.1 Consello Escolar

	Profesorado	Alumnado	PAS	%
Home	8	2		66,6
Muller	2	2	1	33,3
Total	10	4	1	



4.1.1 Comisi3ns derivadas do CE

Comisi3n de Convivencia

	Profesorado	Alumnado	PAS	%
Home	2			40
Muller	1	1	1	60
Total	3	1	1	

Comisi3n de Actividades

	Profesorado	Alumnado	PAS	%
Home	2			50
Muller		1	1	50
Total	2	1	1	

Comisi3n de Mobilidades Internacionais

	Profesorado	Alumnado	PAS	%
Home	3			75
Muller		1		25
Total	3	1		

Comisi3n de Econ3mica

	Profesorado	Alumnado	PAS	%
Home	2	1		60
Muller	1		1	40
Total	3	1	1	

Comisi3n de Admisi3n

	Profesorado	Alumnado	PAS	%
Home	2	1		75
Muller	1			25
Total	3	1		



4.2 Claustro

	Mulleres	Homes	Total	% Mulleres	% Homes
Docentes	18	47	65	27,7	72,3

4.2.1 Cadro do profesorado

	Mulleres	Homes	Total	% Mulleres	% Homes
Canto	2	1	3	66,6	33,3
Clarinete	1	3	4	25	75
Clave	-	-	-	-	-
Composición	0	6	6	0	100
Contrabaixo	0	1	1	0	100
Conxuntos	1	0	1	100	0
Corda pulsada	0	1	1	0	100
Fagot	0	1	1	0	100
Fruta traveseira	0	2	2	0	100
Guitarra	1	2	3	33,3	66,6
IMTP	1	1	2	50	50
Improvisación	2	1	3	66,6	33,3
Inst. Histór. corda fretada e vento	-	-	-	-	-
Musicoloxía	0	5	5	0	100
Óboe	0	1	1	0	100
Percusión	0	2	2	0	100
Pedagogía Xeral e da L.M.	2	0	2	100	0
Produción e Xestión	1	1	2	50	50
Piano	4	2	6	66,6	33,3
Repertorio con Instrumentos	0	6	6	0	100
Saxofón	0	2	2	0	100
Trombón	0	1	1	0	100
Trompa	0	1	1	0	100
Trompeta	0	2	2	0	100
Tuba	0	1	1	0	100
Viola	0	1	1	0	100
Viola de gamba	1	0	1	100	0
Violín	1	2	3	33,3	66,6
Violonchelo	1	1	2	50	50
Total	18	47	65	27,46	72,52



4.2.2 Departamentos

	Número	%
Home	8	53,3
Muller	7	46,6
Total	15	

Compre observar que hai Departamentos como o de Percusión ou Vento-Metal nos que non hai mulleres traballando no mesmo, polo que a posibilidade de que a Xefatura recade neste xénero é imposible. O mesmo ocorre no senso contrario en Departamentos como o de Música de Cámara, no que só hai representación de mulleres.

4.3 Equipo directivo

	Número	%
Home	3	75
Muller	1	25
Total	4	

4.4 Persoal de administración e servizos

	Mulleres	Homes	Total	% Mulleres	% Homes
Docente	18	47	65	27,7	72,3
PAS	4	4	8	50	50
Total	22	51	73	30,1	69,9

En canto ó persoal do noso centro observamos que, se ben no caso do persoal non docente o número de homes e mulleres está perfectamente equilibrado, non é así no que se refire ó persoal docente, onde a presenza feminina é moi inferior á masculina.



Así mesmo hai que facer constar que a representación do persoal de limpeza é sómente feminina, que lonxe de mellorar unha cuestión de xénero, semella máis un estereotipo de xénero que haberá que ir corrixindo co tempo.

4.5 Alumnado matriculado no CSM de Vigo para o curso 2019/2020

Táboa 1 Distribución do alumnado por sexo e curso

	1º	2º	3º	4º	Total por sexo	%
Home	25	24	18	50	117	41,58%
Muller	39	23	35	68	165	58,42%
Total por curso	64	47	53	118	282	

TFE

	TFE	%
Home	35	44,3
Muller	44	55,7
Total por curso	79	

Como se pode observar, e xa forma parte dunha tendencia consolidada nos últimos anos, o alumnado feminino ten unha maior porcentaxe que o alumnado masculino. Por outro lado é unha tendencia tamén observada no ensino universitario, do que compartimos nivel educativo e franxa de idade dos /das nosos/as estudantes.

Táboa 2 Distribución de alumnado por especialidade

	Mulleres	Homes	Total	% Mulleres	% Homes
Composición	7	6	13	2,48	2,13
Interpretación	121	88	209	6,03	3,19
Musicoloxía	16	3	19	5,67	1,06
Pedagogía	17	9	26	1,42	3,90



PeX	4	11	15	42,91	31,21
Total	121	88	282	58,51	41,49

Na distribución por especialidades podemos apreciar que na maioría delas a distribución por sexo é bastante equilibrada, cunha lixeira tendencia á maioría de alumnado feminino, agás nas de Musicoloxía predominantemente feminina e Produción e Xestión, onde acontece o contrario.

Táboa 3 Distribución de alumnado de interpretación por instrumento

	Mulleres	Homes	Total	% Mulleres	% Homes
Clave	3	0	3	100	0
Violín	21	1	22	95,5	4,5
Óboe	4	0	4	100	0
Viola	7	0	7	100	0
Frauta traveseira	10	1	11	90,9	9,1
Viola de gamba	5	0	5	100	0
Trombón	0	7	7	0	100
Inst. Histór. corda fretada e vento	1	0	1	100	0
Fagot	3	1	4	75	25
Corda pulsada	2	1	3	66,7	33,3
Piano	21	11	32	65,6	34,4
Percusión	4	13	17	23,5	76,5
Tuba	2	6	8	25	75
IMTP	3	11	14	21,4	78,6
Saxofón	6	4	10	60	40
Clarinete	10	8	18	55,6	44,4
Guitarra	8	9	17	47	53
Trompeta	3	11	14	21,4	78,6
Trompa	2	4	6	33,3	66,7
Canto	13	2	15	86,7	13,3
Violonchelo	5	4	9	55,6	44,4
Total	133	94	227	58,6	41,4

En liñas xerais observamos un claro sesgo de xénero na maioría de especialidades, agás clarinete e violonchelo, onde o número de



alumnas e alumnos está practicamente equilibrado. Resulta moi chamativo atopar especialidades con alumnado exclusivamente feminino, como clave, óboe, viola e viola da gamba, ou só masculino, como no caso de trombón.

5. Obxectivos

- Coñecer, dende unha perspectiva de xénero, a situación actual do centro, tanto na súa organización escolar como no seu contexto laboral e social.
- Promover a presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e goberno do centro.
- Implicar a toda a Comunidade Educativa na implantación dun modelo coeducativo no centro.
- Desenvolver un Plan de Acción Titorial cun enfoque integrado de xénero.
- Fomentar a igualdade para procurar unha boa convivencia, libre de comportamentos sexistas e de modelos estereotipados, nas relacións socioafectivas das persoas que compoñen a Comunidade Educativa.
- Sensibilizar a toda a comunidade educativa sobre a existencia de estereotipos e desigualdades de xénero, e concienciar sobre o seu papel activo para superalas.
- Promover tanto no alumnado como no profesorado a utilización dunha linguaxe non sexista, implementando intervencións correctoras e estendendo o seu uso a tódolos ámbitos comunicativos, xa sexan orais ou escritos.
- Manifestar o rexeitamento de toda a Comunidade Educativa ás actitudes e modelos que xeneran violencia de xénero, en calquera das súas formas.
- Concienciar sobre a importancia da elaboración, elección e uso de materiais didácticos inclusivos e coeducativos.
- Fomentar a creación e utilización de recursos coeducativos, así como a realización de actividades formativas e informativas para o profesorado.
- Organizar actividades complementarias e extraescolares coeducativas que contribúan a desenvolver a competencia cidadá do alumnado e a sensibilizalo cos problemas sociais que xenera a falta de igualdade.
- Colaborar con institucións públicas ou con centros educativos da contorna, nas actuacións e actividades que se organicen relacionadas coa igualdade de xénero na educación.



- Divulgar os avances conquistados e difundir as boas prácticas coeducativas consolidadas.



6. Medidas

6.1 Coeducación

- Colaboración do claustro, equipo directivo e Consello Escolar na elaboración e posta en marcha do plan, implicando a toda a comunidade educativa, mediante principios e medidas coeducativas que impregnen o proxecto de centro.
- Revisión da documentación organizativa do centro para a incorporación da perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades.
- Revisión dos materiais didácticos co fin de garantir a perspectiva de xénero.
- Proposta dun PFPP sobre coeducación e igualdade no curso académico 2019-20
- Organización de accións informativas para o profesorado co fin de difundir os principios da coeducación e da igualdade na Comunidade Educativa.
- Realización de talleres e actividades educativas específicas para facilitar no alumnado un proxecto persoal e profesional baseado na vocación e capacidade propia, libre de condicionamentos baseados en roles de xénero.
- Difusión das boas prácticas e materiais curriculares desenvolvidos no centro.

6.2 Diversidade

- Elaboración do Plan de Atención á Diversidade para a súa incorporación ao proxecto educativo do centro.
- Proposta de continuación do PFPP sobre diversidade e inclusión.
- Organización de actividades de sensibilización, información, formación e intervención dirixidas a toda a Comunidade Educativa.
- Promoción da imaxe das mulleres no currículo para que o alumnado dispoña de referentes femininos en tódolos ámbitos de estudo.
- Difusión entre o profesorado da oferta de actividades formativas no ámbito da diversidade, da igualdade e da violencia de xénero.



6.3 Convivencia

- Emprego da linguaxe inclusiva en tódalas comunicacións institucionais.
- Fornecemento de mecanismos e pautas de actuación para a abordaxe dos casos de condutas contrarias á convivencia.
- Revisión dos documentos internos do centro para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables en caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- Facilitamento de modelos profesionais e vitais diversos que rompan roles de xénero e favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva.
- Impulso de espazos de encontro e participación do conxunto da comunidade educativa nos que se promovan valores e actitudes favorecedores da plena inclusión e a normalización da diversidade.
- Elaboración de materiais didácticos para a promoción de valores e actitudes inclusivas e normalizadoras da diversidade.

6.4 Protocolos

- Elaboración dun Plan de Acción Titorial para establecer actuacións ante posibles casos discriminatorios.
- Adaptación e inclusión no Plan de Convivencia do centro dunha serie de orientacións que permitan previr e detectar conductas que se integran no gradiente da violencia de xénero.
- Elaboración dun breve protocolo de actuación para abordar casos de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- Deseño dun sistema de indicadores co obxectivo de subministrar datos que favorezan a cuantificación do que se está a facer nos distintos eixos de actuación do plan estratéxico, así como os efectos que as medidas e actuacións desenvolvidas están a conseguir.

6.5 Actividades

- Posta en coñecemento do profesorado do centro do borrador do Plan de Igualdade.
- Recollida de propostas por parte do profesorado para configurar e poñer en práctica o Plan de Igualdade.
- Aprobación do Plan de Igualdade.



- Organización de charlas educativas, xornadas, actividades ou concertos con temáticas de igualdade, coeducación, etc., en días clave do calendario escolar como poden ser:
 - 25 de Novembro: Día contra a Violencia de Xénero.
 - 31 de Xaneiro: Celebración do día escolar da Paz e a non violencia.
 - 8 de Marzo: Día da Muller.
 - Semana das Letras Galegas

7. Seguimento e avaliación

Anualmente realizarase un seguimento das medidas previstas neste Plan mediante un sistema de indicadores que permitirá avaliar o impacto dos seus obxectivos e medidas coa finalidade de identificar aqueles aspectos no que é necesario incidir para acadar unha educación igualitaria. Na elaboración do informe correspondente deberán recollese as posibles accións de mellora nos aspectos ou obxectivos non acadados.

Os indicadores deberán responder á seguinte tipoloxía:

- Indicadores de realización: dan conta da realización das accións previstas neste plan e serven para medir o seu grao de execución.
- Indicadores de resultado: describen os efectos directos a curto e medio prazo conseguidos sobre a variable na que se pretende actuar.
- Indicadores de impacto: fan referencia aos efectos a medio e longo prazo sobre os colectivos destinatarios, aos que contribúe o plan estratéxico en termos de redución das desigualdades entre mulleres e homes nos distintos ámbitos. A súa medición realizaríase na avaliación final do plan.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Conservatorio Superior de Música de Vigo

Manuel Olivié, 23
36203 Vigo
Tfno: 986471144 Fax: 986481807
cmus.vigo@edu.xunta.gal
<http://csmvigo.com>

CSMV
CONSERVATORIO SUPERIOR
DE MÚSICA DE VIGO